




COSTA DE CABANAS

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 5 km (ida e volta) + camiñadas
Dificultade:



- 1-Rego de Laraxe ou do Castro.
Muíño de Marea.
Praia do río Castro.
- 2-Pena do Altar
- 3-Praia de Chamoso
- 4-Punta da Illa
- 5-O Covo
- 6-Praia da Madalena
- 7-Praia no esteiro do Eume
- 8-Esteiro do Eume. O Areal.

O concello de Cabanas está situado na marxe dereita da ría de Ares á beira do río Eume. O litoral de Cabanas ten dúas partes de características totalmente diferentes: unha a frecha da desembocadura do Eume e a coñecida praia que se asenta nela, e a outra de cantís moi recortados de ata 20 m de altura.

As principais actividades son os servizos, a agricultura e a pesca. O patrimonio cultural está representado, por castros, pazos, hórreos...



Cabanas, a praia da Madalena e a ría de Ares

PERCORRIDO

Comezamos na rotonda da ponte do Eume pola estrada de Ferrol e collemos o desvío a Ares e Mugardos. Á altura da igrexa de San Martiño do Porto collemos o desvío ás Modias e logo seguimos o indicador do muíño de marea ata chegar ao río, sen cruzalo, onde nos atopamos a uns metros do **muíño e da praia do Río do Castro**. Seguindo pola estradiña da esquerda que sube e logo vai paralela á vía do tren, xusto antes de pasar por debaixo dela temos á dereita a **praia de Chamoso** e moi preto a **punta da Illa**. Seguimos e volvemos saír no mesmo punto no que nos desviamos para comezar o percorrido. Collemos a estrada á dereita e a uns 100 m temos un desvío á dereita, un camiño estreito con bastante pendente e co piso de cemento que nos leva á **praia da Madalena** que percorrерemos a todo o longo pola trasduna para volver ao punto no que comezamos.



Restos do muíño de marea na desembocadura do río Castro, no linde con Fene.



Ría de Ares, entre a costa de Cabanas e Pontedeume.

RÍA DE ARES

É a ría do Golfo Ártabro formada polo río máis longo e caudaloso da zona, o Eume, que baixa desde a serra do Xistral. O fondo, entre o final das Fragas do Eume e a frecha de Cabanas está ocupado por sedimentos entre os que o río forma amplos meandros. Desde Cabanas ata a punta de Camouco é relativamente estreita e logo ábrese entre a enseada de Ares e a punta da Cruz, no norte, e Ber no sur, para xuntarse e compartir a boca coa de Betanzos. As rochas dominantes son os xistos e nas puntas, pedra de gran.



1-Rego de Laraxe ou do Castro.



Praia do río Castro.



2-Pena do Altar



A costa entre a desembocadura do rego do Castro e a praia da Madalena é unha sucesión de cantís e pequenos entrantes nos que se forman praias coa marea baixa. As rochas son metamórficas e aparecen moi pregadas e erosionadas.



3-Praia de Chamoso



Cantís despois da praia de Chamoso

Carballo na punta da Illa



4-Punta da Illa



4-Punta da Illa





5-O Covo



6-Praia da Madalena



Praia de Cabanas ou da Madalena, de 1.400 m de lonxitude. Está asentada sobre a frecha que pecha parcialmente o esteiro do Eume. Na trasduna hai un piñeiral entre que se atopan numerosas sobreiras, algunhas xa vellas e outras plantadas hai poucos anos.



Vista de Cabanas co esteiro do Eume e o Areal



Esteiro do Eume e ría de Ares



7-Praia no esteiro do Eume



8-Esteiro do Eume



O **rió Eume** nace no Seixobranco (Serra do Xistral) e desemboca na Ría de Ares, despois de 80 km de percorrido. A parte baixa do val do Eume e algúns dos seus afluentes (Parrote, Frei Bermuz, Sesín) forman parte do Parque Natural "Fragas do Eume" creado en agosto de 1997.

Ponte na desembocadura do Eume, entre Pontedeume e Cabanas, construída entre 1864 e 1870. A primeira ponte foi mandada construír en pedra na Idade Media por Fernández de Andrade e tivo 79 arcos apuntados, dúas torres e un hospital para os peregrinos.

